

CONCELLO DE MEIRA

Praza do concello, s/n
27240 Meira
Lugo
Teléf/Fax.: 982 330 102
CIF: P2702900H
Enderezo electrónico: concello.de.meira@eidolocal.es



Concello
de Meira

ANUNCIO DE CONSULTA PÚBLICA NO PORTAL WEB DO CONCELLO DE MEIRA

De conformidade co previsto no artigo 133.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, co obxectivo de mellorar a participación dos cidadáns no procedemento de elaboración de normas, con carácter previo á elaboración do proxecto de Ordenanza fiscal reguladora da taxa polo aproveitamento especial do dominio público local por instalacións de transporte de enerxía eléctrica, gas, auga e hidrocarburos do Concello de Meira, solicítase a opinión dos suxeitos e das organizacións máis representativas potencialmente afectadas pola futura norma acerca de:

- a) Os problemas que se pretenden solucionar coa iniciativa.
- b) A necesidade e oportunidade da súa aprobación.
- c) Os obxectivos da norma.
- d) As posibles solucións alternativas regulatorias e non regulatorias.

Os cidadáns, organizacións e asociacións que así o consideren poden facer chegar as súas opinións sobre os aspectos expostos no seguinte cuestionario durante o prazo de dez (10) días a contar desde o día seguinte ao de publicación do presente anuncio na web municipal, mediante a súa presentación en calquera dos lugares indicados no artigo 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

No tocante á aprobación da presente Ordenanza teranse en conta os seguintes aspectos:

-Problemas que se pretenden solucionar coa Ordenanza: Outorgar un nivel de suficiencia económica que permita sufragar os gastos do mantemento e funcionamento dos bens de dominio e servizo público que se atopan no termo municipal e afectos á utilización privativa ou aproveitamento especial vinculados ao obxecto da presente taxa.

-Necesidade e oportunidade da súa aprobación: A posta en práctica dunha ordenanza fiscal permite contar cun instrumento xurídico que permita exercitar a potestade tributaria por parte do Concello de Meira.

-Obxectivos da norma: O obxectivo fundamental de contar con esta ordenanza é a cobertura dos custos que se lle ocasionan ao Concello de Meira pola utilización privativa ou aproveitamento especial do espazo público.

-Posibles solucións alternativas, regulatorias e non regulatorias: Non existe mellor alternativa para a posta en práctica dos obxectivos municipais que a de levar a cabo a aprobación desta Ordenanza fiscal xa que constitúe o feito impositivo dunha taxa polo Concello de Meira.

Meira, 1 de decembro de 2021

O Alcalde

Asdo. Antonio de Dios Álvarez

